



nota de prensa

## Veciñanza mantivo encontros con todos os sectores de Cuntis para a elaboración do seu programa

*Durante as últimas semanas pasaron polo local de Veciñanza tanto particulares como representantes das entidades que están a traballar na dinamización de todos os sectores da vila.*

Cuntis. 7 de maio de 2019

O contacto permanente con asociacións, entidades, colectivos e grupos que día a día traballan desinteresadamente en/por/para Cuntis fai que a candidatura de Veciñanza agrome a partires dun programa electoral enraizado na vida cotiá das nosas xentes.

En palabras do candidato de Veciñanza, Santi Martínez, *“un proxecto como o de Veciñanza só é viable e útil para a xente de Cuntis se conta coa participación e coa implicación tanto de particulares como de entidades que xa están a traballar intensamente por este pobo. Nós falamos de Cuntis e de como deseñar un futuro aquí, e para iso precisamos a implicación da maioría. Polo momento é moi satisfactoria a boa receptividade que estamos a ver cara a nós”*.

Durante as últimas semanas, e a fin de elaborar un proxecto participado, a candidatura de Veciñanza mantivo reunións constantes tanto con diversos representantes de colectivos como con particulares que traballan na maioría de sectores en todos os ámbitos. Pasaron polo local de Veciñanza persoas da comunidade educativa do colexio público Don Aurelio, participantes do Consello Local de Igualdade, un representante do sector da hostalaría local, a asociación de comerciantes Cucova, membros do padroado da Fundación Terra Termarum, emprendedores locais de proxectos novidosos no rural, representantes do sector do turismo rural, entidades deportivas, un experto do sector forestal e da xestión do monte, profesionais da sanidade e da atención primaria, etc.

Santi Martínez salienta que *“foron encontros altamente proveitosos nos que o futuro e o desenvolvemento da nosa vila e das parroquias foi o eixo central das conversas”*, e agradece a boísima predisposición de todos/as as participantes. *“Falamos de Cuntis –afirma- dende todos os puntos de vista, e somos a única candidatura que antepón este interese por riba de siglas partidistas. Xurdiron, nestas reunións, novas ideas e proxectos de futuro, tamén autocrítica para seguir medrando e ampliar o proxecto de Veciñanza. Recollemos cada aportación e explicamos cada idea. Falamos da necesidade de defender todas as etapas do ensino público que agora se imparten en Cuntis, falamos de impulsar o Consello Local de Igualdade, de evolucionar as datas*



# veciñanza

---

## nota de prensa

*festivas de referencia para unha maior repercusión no sector da hostalaría e do comercio, de humanizar o casco histórico para aproveitar o seu atractivo e solucionar os problemas de estacionamento, do futuro da xestión forestal e da procura dun aproveitamento sostible para todo o inmenso potencial forestal co que conta o noso municipio, etc.”*